



## CLUB NATACIÓN FERROL – ELINCO

R/ Emilia Pardo Bazán nº 46, baixo

15406 (Ferrol)

Tel./Fax.: 981 32 47 12

Correo: [info@natacionferrol.com](mailto:info@natacionferrol.com)

Pág. Web: [www.natacionferrol.com](http://www.natacionferrol.com)



### MEMORIA ANO 2008

A partir do mes de xaneiro, realizáronse as seguinte melloras para o Club:

- O Club recibiu ao redor de 29.000 euros de patrocinadores e venda de rifas e calendarios.
- Grazas aos patrocinadores renovouse o material informático (impresoras, ordenador, fotocopiadora, fax).
- Un delegado acompañou aos nadadores en todas as competicións.
- O Club tivo representación da Xunta Directiva en todas as competicións celebradas en Galicia.
- Non se pasou a cobro o 25% do custo das viaxes.
- Renovouse e ampliouse o material deportivo do ximnasio.
- Cambiouse, ampliouse e mellorouse a equipación do Club.
- Actualizouse a base de datos do Club.
- Informatizouse a base de datos do Club.
- Fíxose un arquivo fotográfico de todas as competicións.
- Fíxéronse calendarios coas fotos do Club.
- Fíxose unha mellora da páxina web e púxose en marcha o seu funcionamento.
- Cambiouse a máquina de Coca-Cola.
- Elaborouse un boletín mensual para os nadadores/as e as súas familias, denominado *Pista Catro*.
- Comezouse unha gran iniciativa de convivencia: os almozos dos sábados.
- Traballouse conxuntamente co adestrador para mellorar as condicións do nadadores/as.
- Organizáronse os Campionatos Galegos Alevíns, sendo o segundo Club con maior número de participantes.
- Melloráronse as relacións co Padroado de Deportes do Concello de Ferrol, mantendo até catro xuntanzas co Concelleiro de Deportes e varias co Director Xerente.
- Foise a durmir durante 5 días a Pontevedra para preparar e participar no Campionato Galego Júnior e Absoluto de Verán.
- Melloráronse os resultados deportivos obtidos no Campionato Galego Júnior e Absoluto de Inverno.
- Tivemos masaxista no Campionato Galego Júnior e Absoluto de verán.
- Conseguiuse que o noso Club fose o organizador dos Campionatos Galegos Absolutos de Inverno da vindeira tempada.
- Realizouse un Torneo de Verán en condicións.
- O Club participou no apoio a Javier Gómez Noya, pola súa participación na Olimpiada.

Caranza-Ferrol, o 12 de setembro de 2008